

## Llibros




### COUSAS DE BOAL

- *Autoras: Adelina Fernández López y Susina Pérez Sánchez.*
- *Asociación d'Amas de Casa de Bual, 2000.*
- *184 páxinas.*

Búa iniciativa salida d'un peteiro de mueres bualesas y que cuayóu nel libro *Cousas de Boal*, escrito d'emparzao por Adelina Fernández y Susina Pérez, entrambas y dúas nacidas na villa.

Era pena que namáis a xente que pasara por Bual pudiera ferse con este libro pero agora sabemos que xa se distribuye por dalgúa libbreiría del resto d'Asturias.




Adelina Fernández López  
Susina Pérez Sánchez

Na primeira das partes que se poden estremar nel que contén esta obra miscelánea hai qu'incluir un vocabularín da zona, ditos, refráis, cousillias, cántigas y romances.

Hai outro mañuzo de textos unde se recorda con un faraguyo de señardá el Bual d'antano, cos sous días de mercao, as ferias, os antroiros y as festas.

El terceiro compoñente de *Cousas de Boal* é el etnográfico, con us trabayos ben interesantes sobre xogos

infantiles, sobre a melecía caseira y sobre as capiayas del conceyo. Péchase el llibro con un recordo pras maestras que puxeron escola na zona y con úa reseña curtia de Benjamín López, autor de ben poesías en gallego-asturiano publicadas nel llibro *Montañas de la costa verde* (1960).



### VOCABULARIU DE BUAL Y ALGÚA COUSA MÁS

- *Autora: María Teresa López García.*
- *Fundación Nueva Asturias, 2001.*
- *148 páxinas.*

Condo fixemos a primeira redacción da reseña del llibro anterior puxéramos nel acabo que quén nos dera qu'houbera máis iniciativas editoriales d'este xeito en todos os conceyos porque, miyor ou pior feitas, habían a dar ben información tanto llingüística como etnográfica. Ese parrafo tuvemos que quitallo porque pouco despóis d'escribillo chegóu as nosas maos este outro llibro, d'outra bualesa, M<sup>a</sup> Teresa López, fiya, pra máis señas, del escritor Benjamín López, al que tamén fiamos referencia máis enriba.

Búa parte del peso del llibro de M<sup>a</sup> Teresa ta nel vocabulariu, que lleva as definicióis en castellano, y que ta ben completo y con abondos exemplos. Brinda, ademáis d'esto, dous apéndices con frases feitas y con refráis. Pinta qu'as aficióis literarias del padre siguen na fiya: M<sup>a</sup> Teresa

prométenos máis cousas escritas pral futuro porque ta mui interesada en todo lo que teña que ver cua nosa fala.

Este llibro ten a ventaxa amecida –a lo menos pra os lletores interesaos en volar nél– de tar distribuido nas libbreirías del occidente y del centro d'Asturias.


Nun é común toparse d'úa sentada con dúas obras sobre a mesma cuestión, y menos condo estudian el gallego-asturiano que se fala nun conceyo, pero pra úa vez que pasa hai que poñerse contentos y festexallo.

## Normalización Social

Otra vez el brao volvéu a ser el momento unde houbo máis apariociós da nosa fala na lletra impresa, cuase sempre da mao dos cateles das festas. A *Noite Celta* de Porcia, el *Festival Intercéltico d'Occidente* de Tapia y a *Noite Folk del Covo* de Barres, ademáis da *Romeiría da Fala*. Os agayosos rapaces de Barres discurriron fer este festival en plan concurso y a él asistiron grupos folk de Cantabria, Navarra, León y Asturias. Resultaron ganadores os cántabros *Camera'l Cierzu*.

Tamén hai qu'amecer a estos el cartel da I Xeira en kayak de mar del Occidente Astur.

Se daquén conoz máis iniciativas d'estas que, por pequenas que sían, son sempre interesantes, taba ben que nos las fixeran chegar á revista pra daryes publicidá.





Os profesores que fixeron el curso de gallego-asturiano, en Cangas del Narcea

## Cursos de Formación

Entre os días 30 de xuyín y 10 d'agosto de 2001 fécose en Cangas, dentro del marco dos XIX Cursos de Brao del Academia de la Llingua Asturiana, a primeira fase d'un *Curso de capacitación en gallego-asturiano*.

Formando parte del "Programa Rexonal de Formación" y feito en colaboración col Centro de Profesores de Cangas, esta iniciativa partíu da Conseyeiría d'Educación del Principao d'Asturias que ye encomendáu al Academia de la Llingua a escoyeta d'un equipo d'especialistas pra dallo y tamén a súa organización práctica.

Un bon peteiro de profesores reciben clases sobre el sistema llingüístico del gallego-asturiano, a súa literatura tradicional y actual, el diseño y amaño d'unidades didácticas y dellos aspectos sociolingüísticos, ademáis de practicar a llingua oral y escrita.

Esta primeira fase hase completar con outras dúas, úa d'afondamento teórico y outra de carácter fundamentalmente práctico pensao, entre outras cousas, pra trabayar nel diseño de material curricular.

## Premios literarios

• Decidiúse xa el XI *Premio Xeira* de narracións curtias en gallego-asturiano.

El ganador del premio, 75.000 pesetas, foi el relato titulado "El vecín más cordo de todos", de Juan José Maseda García, un rapaz de San

Esteba (Cuaña) que ta estudiando Inxeniería Química.

• Outra novedá nel panorama lliterario é a convocatoria del *I Concurso de Textos Teatrales* na nosa fala por parte del asociación "Juan Manuel Méndez", da Caridá (El Franco).

Acabamos de conocer os ganadores. Primeiro de nada hai que valorar el éxito de participación, ademáis de resaltar qu'os dous premios tein pouco máis da trentena d'anos.



El ganador na categoría d'obras curtias foi a peza titulada *As charlas de Ca Xuaquina*, de Javier Méndez Méndez, de Villar de Miudes.

El premio en obra llarga foi *A pedida*, de Pedro Velasco, da Caridá.

• El última nova qu'hai que dar sobre premios é que xa se publicaron os ensayos ganadores del *Premio d'Ensayo xuvenil A Nosa Terra*.

Este certame convocáranlo el Consejo da Mocedad del Principao d'Asturias y os Socialistas Novos del Navia-Eo, cua colaboración das aso-

ciacións culturais *El Teixo* de Barres, *San Lázaro* das Campas y a taramundesada d'*Os Castros*, ademáis del Axencia de Desarrollo CEDER Ozcos-Eo y a Secretaría Llingüística del Navia-Eo del Academia de la Llingua Asturiana.

Agora, el Consejo da Mocedad, con formato de folleto pra facilitar a súa distribución, edita este documento de 22 páxinas con dous ensayos en gallego-asturiano y outros dous en castellano.



## Radio y televisión

Na emisora local de televisión ORT, dende outubro empezaron as emisións del programa "Cousas nosas", que lleva a navega Norma Méndez. É un programa diario, de llús a venres, de 10 a 10'15, unde se fala de todo el que ten que ver col occidente, sempre na nosa fala.

En *Radio A Veiga*, 107 FM, Ágata García Castro, dentro del programa "El Cantón", ten a súa sección en gallego-asturiano sobre cousas da llingua y a cultura da zona. Chámase "Escaleyando Entrambasaguas" y é cada dous xoves a eso das once da noite.



Norma Méndez cua cámara